



Lugo, a 6 de novembro de 2012. Este **domingo, 11 de novembro**, ADEGA-Lugo inicia o seu programa de roteiros 2012-2013, dedicado á Galiza Máxica, co seu xa tradicional **roteiro inaugural pola Serra do Courel**

. O

Apalpador

será a figura mítica sobre a que se vertebrará a ruta, xa que andaremos polos camiños que o carboeiro transita polo Natal, cando baixa dos cumes da súa serra nai até os vales para apalpar as barrigas das crianzas. Ao mesmo tempo, achegarémonos a varios dos elementos máxicos do Courel, como o Castro de Brío, o Val das Mouras, o canón do río Lor ou o Pico do Coto. Ao final do roteiro, de 10 quilómetros de lonxitude e dificultade media, celebrarase un Magosto no lugar de Ferreirós de Baixo. Colabora SOS Courel. Descarga o

[Cartaz](#)



Roteiro de 10 quilómetros, de dificultade media para a xente habituada a andar. Comeza en Savane (Seoane) e remata na aldea de Ferreirós de Abaixo, no bar O Pontón, onde celebraremos o magosto. O treito máis difícil, de 3 quilómetros de longo, estará entre o paso do río Pequeno (km 2) e o Castro de Brío (km 4); que salva unha diferenza de altitude de 300 metros. Aínda así, subiremos moi a modiño e axudándonos entre todas e todos. Logo do castro, o roteiro é todo cara baixo até as inmediacións de Ferreirós.

O roteiro discorrerá polas terras onde naceu o Apalpador, concretamente, en Romeor do Courel, segundo a lenda. Esta personaxe do Natal descende desde os picos do Courel ata as fonduras da Serra por un camiño de deusas e deuses, castrexos e mouros. Será o camiño que nós percorrерemos. Dende o Castro de Brío, poderemos ollar toda a Serra, Formigueiros, Piapaxaro, Rogueira, Cido. Logo pasaremos polo labirinto kárstico do Val das Mouras, que se formou polo afundimento dunha cova xigantesca, hai centos de milleiros de anos.

Remataremos facendo un fermoso percorrido de 4 quilómetros pola beira do Lor, no máis fondo

do seu impresionante canón.

DIVINDADES



O Castro de Brío, de 1053 m de altitude, posiblemente estivo dedicado á deusa Brita ou *Brigit*, divindade celeste relacionada coa soberanía. O Pico de Coto, 1055 m, sobre Ferreirós de Abaixo, é posible que estivese dedicado ao deus Coro ou

Cotto

, que era o deus das alturas e do inframundo, do celeste e o soterrado á mesma vez. Tamén era o deus do vento que viña do país da morte, do ocaso, por iso foi asimilado con

Caurus

o fillo de

Eolo

, que gobernaba o vento do noroeste. Seguro que Courel ten a orixe etimolóxica no nome desta divindade primitiva.

O APALPADOR



~~Leva fousa e saizado axelados e comida para o camiño. O bonafino e cousas así.~~